

CONCELLO
DE VIGO



ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

Área de RRHH
e Formación

ASUNTO: DETERMINACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS EN GARANTÍA DA NORMAL PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DURANTE A XORNADA DA FOLGA (PAROS PARCIAIS) CONVOCADA PARA O VINDEIRO 15 DE OUTUBRO DO 2025

INFORME XURÍDICO-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

- 1.- En data 09/10/2025 (doc. nº. 250278364) preséntase escrito pola sección sindical da CIG comunicando a convocatoria de folga (paros parciais) prevista para o vindeiro día 15 de outubro do 2025.O escrito referencia a súa presentación perante a autoridade laboral competente -Xunta de Galicia- sen que conste acreditación de tal extremo.
- 2.- Consta igualmente, como feito público e notorio, a convocatoria de folga en toda España na data do 15 de outubro do 2025, convocada polos sindicatos UGT e CCOO por mor da guerra en Gaza, Palestina.
- 3.- Consta celebrada Mesa Xeral de Negociación (materias comúns a persoal funcionario e laboral) con carácter extraordinario e en relación cos servizos mínimos en data 14/10/2025, segundo certificación incorporada ao presente expediente electrónico, na cal se someteu a debate a proposta de servizos mínimos da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal asinada en mesma data (expediente electrónico n.º 47.536-220, trámite 6)
- 4.- Resultado da negociación desenvolta, así como dos acordos acadados, e visto o informe emitido pola xefatura do SPEIS na mesma data de hoxe, 14/10/2025, procede efectuar proposta de servizos mínimos, en garantía tanto do exercicio de dereitos constitucionais do persoal municipal como da debida prestación dos servizos públicos que legalmente corresponde prestar ao Concello de Vigo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Constitución Española de 1978: artigo 14 (*"Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social"*); artigo 28.2 (*"Se reconoce el derecho a la huelga de los trabajadores para la defensa de sus intereses. La ley que regule el ejercicio de este derecho establecerá las garantías precisas para asegurar el mantenimiento de los servicios esenciales de la comunidad"*) e artigo 37.2 (*"Se reconoce el derecho de los trabajadores y empresarios a adoptar medidas de conflicto colectivo. La ley que regule el ejercicio de este derecho, sin perjuicio de las limitaciones que pueda establecer, incluirá las garantías precisas para asegurar el funcionamiento de los servicios esenciales de la comunidad"*).

II.- Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre relacións de traballo, que establece no seu artigo 9 que *"cuando la huelga se declare en empresas encargadas de la prestación de cualquier género de servicios públicos o de reconocida e inaplazable necesidad y concurren*



Copia do documento - Concello de Vigo

250282549

Data impresión: 15/10/2025 09:54

Páxina 1 de 4

CSV: A3A6D6-BF46C2-5DA94D-197GYG-ERW8SA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO		ÁREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL	Área de RRHH e Formación
-------------------------	---	--	---------------------------------

circunstancias de especial gravedad, la autoridad gubernativa podrá acordar las medidas necesarias para asegurar el funcionamiento de los servicios.”

III.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) que establece a preceptividade do sometemento a negociación colectiva, entre outras materias, das propostas sobre dereitos sindicais e de participación (artigo 37.1, apartado h).

IV.- Obrigas contempladas nos arts. 9.3 e 103.1 CE:

Debe considerarse que a definición do número mínimo de efectivos reproduce, con carácter xeral, as propostas negociadas e aceptadas pola representación sindical do persoal municipal en anteriores folgas realizadas no Concello de Vigo, incorporando os aspectos acordados na Mesa Xeral de negociación de data 14/10/2025.

A inmediatez temporal na negociación dos servizos mínimos e conseguinte desenvolvemento da tramitación administrativa subseguinte na convocatoria e xestión da folga fai inviable solicitar informe á totalidade das áreas e servizos municipais, sendo necesario que sexan as xefaturas as que designen aos efectivos concretos que terán a condición de servizos mínimos e o comuniquen á Área de Recursos Humanos e Formación para control e aplicación da normativa vixente.

Resulta imprescindible, por tanto, a necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais que os concellos están legalmente obrigados a prestar, consonte ao establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo cal resulta obrigado o establecemento duns servizos mínimos indispensables para o funcionamento esencial prestado polo Concello de Vigo.

Por tanto, e no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Excm. Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e co coñecemento e conformidade da Concellería da Área competente, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

“PRIMEIRO.- Acordar a determinación de servizos mínimos para o Concello de Vigo durante a xornada de folga (paros parciais) convocada para o vindeiro **15 de outubro do 2025**, de conformidade cos acordos adoptados coa representación sindical do persoal municipal (por unanimidade dos presentes) en Mesa Xeral de Negociación celebrada o 14/10/2025, así como co disposto no informe da xefatura do SPEIS de data 14/10/2025; servizos mínimos que se concretan nos seguintes:

- Nas xanelas de atención ao público dos Servizos de Estatística, Oficina de Asistencia ao Rexistro e Información, Tributos** : 2 persoas por xanela.
- Nas Unidades Básicas de Atención Social (UBAS) da Área de Benestar Social:** 2 persoas por centro para atención a persoas usuarias.
- No SPEIS:** 17 efectivos segundo informe da xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/10/2025 09:54	Páxina 2 de 4
	250282549	CSV: A3A6D6-BF46C2-5DA94D-197GYG-ERW8SA-FD	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**Área de RRHH
e Formación**

-En Secretaría: a persoa titular da Secretaría do Goberno Local, a persoa titular da Secretaría Xeral do Pleno, e 1 administrativo/a de Admón Xeral.

-No resto de áreas/servizos: 2 persoas por cada unidade organizativa/funcional.

-Cemiterios: 8 persoas en total; 3 en Pereiró e 2 en cada cemiterio. 1 auxiliar administrativo en oficina.

-Deportes: 1 oficial no Pavillón do Carme e 2 conserxes nas instalacións (un de mañá e outro de tarde).

-Vigo Zoo: 2 persoas pola mañá.

SEGUNDO.- Ordenar ás xefaturas de Área e xefaturas de Servizo que se proceda á remisión á Área de Recursos Humanos e Formación, a través da aplicación xestora de expedientes e no día seguinte ao da folga, de informe indicativo dos extremos seguintes:

- persoal designado como servizos mínimos;
- persoal que non acudiu ao seu posto de traballo na concreta xornada de folga;
- persoal que incumpriu os servizos mínimos, se o houbese;
- calquera outra incidencia de relevancia que, en relación coa concreta xornada, sexa necesario comunicar en cumprimento das obrigais legais en materia de folga.

TERCEIRO.- Ordenar que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación da dedución proporcional de haberes ao persoal que participe na folga convocada, nos termos do que se estableza na normativa vixente, considerando que todo o persoal non incluído no apartado primeiro da presente resolución non terá a condición de servizos mínimos.

CUARTO.- Instar ás xefaturas de Área e de Servizo do Concello para que na designación de servizos mínimos garantan a presenza equilibrada entre mulleres e homes, a efectos de facilitar a asistencia á folga polas mulleres, consonte ao establecido no I Plan de Igualdade do persoal do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación en data 15/09/2021.

QUINTO.- Dispoñer que o concreto persoal que se inclúa nos servizos mínimos sexa designado polas xefaturas de Área (ou de servizo, no seu caso) quen deberá remitir informe indicativo a tal efecto á Área de Recursos Humanos e Formación.

SEXTO.- Dispoñer a notificación da presente resolución ás seccións sindicais con representación no Concello, Xunta de Persoal e Comité de Empresa; Xefaturas de Área, Xefaturas de Servizo, Secretaria Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal); Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal e Titular da Asesoría Xurídica Municipal, así como á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, ordenando a inserción na Intranet Municipal e no Taboleiro de Edictos para público coñecemento”.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2025 09:54

Páxina 3 de 4

250282549

CSV: A3A6D6-BF46C2-5DA94D-197GYG-ERW8SA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

Área de RRHH
e Formación

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Vigo, sinatura electrónica

A xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.-María Dapena Gómez.

CONFORME,

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.- (resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da XGL de 26/09/2025).- Patricia Rodríguez Calviño.

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE coa mesma.**

O Alcalde,

Abel Caballero Álvarez.

Dou fe, A Secretaria.



Copia do documento - Concello de Vigo
250282549

Data impresión: 15/10/2025 09:54 Páxina 4 de 4
CSV: A3A6D6-BF46C2-5DA94D-197GYG-ERW8SA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>